

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

15174 Orde ARM/2557/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo.

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3374/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Na páxina 1 hai que engadir despois do terceiro parágrafo do preámbulo o seguinte:

«As características das sementes de sorgo descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.»

En todo o texto do regulamento hai que substituír as referencias a «Shorgum», «Sorghum bicolor» (L) e «Sorghum sudanense» (Piper) Staff que aparecen citadas no anexo por, respectivamente: «*Shorgum*», «*Sorghum bicolor* (L)» e «*Sorghum sudanense* (Piper) Staff».

Madrid, 21 de setembro de 2011.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.